

Luz Fandiño e Pazos de Merexo, Mestres da Memoria

Redacción | 27 de Maio de 2018



De esquerda a dereita, Lois Pérez, Luz Fandiño, Cesáreo Sánchez Iglesias, Pazos de Merexo e Antonio Reigosa. Foto: AELG.

A poeta **Luz Fandiño** (Compostela, 1931) e **Manuel Pazos** (Muxía, 1926), máis coñecido como **Pazos de Merexo**, son os **Mestres da Memoria 2018**. A distinción, outorgada pola sección de literatura de tradición oral da **AELG**, reconece o labor de “informantes de literatura popular”.

“Toda unha vida de dedicación exemplar á transmisión oral de saberes e valores da nosa cultura popular tradicional”, sinalan desde a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) como méritos precisos para se facer co galardón. Que xuntan, máis ca sobradamente, Fandiño e Pazos.

Foi este sábado, 26 de maio, no vello cárcere de Lugo, cando a AELG lles rendeu homenaxe. Nun acto conducido por **Antonio Reigosa** e no que participaron tamén **Cesáreo Sánchez Iglesias** -presidente da AELG- e a escritora **Marica Campo**, o poeta **Lois Pérez** encargouse da *laudatio* a Luz Fandiño. Reigosa fixo o propio con Pazos de Merexo.

“O principal valor dunha sociedade constitúeno as persoas, os tesouros humanos vivos, homes e mulleres que estiveron atentos para recibir dos seus predecesores a herdanza cultural, que logo reciclan e recrean, e que adaptan e actualizan con xenerosidade”, afirman desde a sección de literatura oral da AELG, “para transmitir todos eses saberes herdados aos que veñen detrás”.

O Concello e mais a Deputación de Lugo apoian a iniciativa coa que a AELG “pretende facer máis visíbel ante a sociedade a literatura de tradición oral”. A Gala dos Premios Mestres da Memoria transcorreu baixo o lema *Lugo, Capital Galega da Literatura de Tradición Oral*.

Podes ver este artigo na próxima dirección